



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZASEIS DE NOVEMBRO DE 2023 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día dezaseis de novembro de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (19/10/2023).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202399900000990 de Vda de Parada y J. Alvela, S.L. (Expediente núm. 2023/U022/000016)

Dáse conta da citada instancia na que don José Angel Albela Albela, en representación de Vda. de Parada y J. Alvela, S.L, achega proxecto de execución, con número de visado 305183,2 e de data 09/10/2023, para reforma de edificación para Adega -Destilería de whisky, de 287,00 m² e planta baixa, en Sarandón, 6 - Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2023/U022/000016).

Con data do 26/05/2023 por Resolución da Alcaldía, ratificada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 06/06/2023, concedeuse licenza para obras de reforma de edificación para Adega-Destilería de whisky, de 287,00 m² e planta baixa, en Sarandón, 6 - Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2023/U022/000016), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada, proxecto básico, asinada por José Manuel Diego Durán, en calidade de arquitecto coas seguintes características: ocupación total e inferior ao 40% permitido e a edificabilidade menor ao 30 %, non incumpre o máximo permitido para os volumes que coinciden cos existentes e un presuposto de execución material de 87.836,00 euros, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra, condicionada á achega de proxecto de execución e oficios de dirección de obra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002500600NH43E.

Dáse conta tamén da comunicación de actividade descrita na memoria achegada denominada “adega destilería para whisky” e asinada por José Manuel Diego Durán en calidade de arquitecto.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do nomeamento de Juan Carlos Fernández Boquete como director de execución e coordinador de seguridade e saúde.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda:

1º.- A concesión da licenza de obra de reforma de edificación para Adega-Destilería de whisky nos termos da documentación técnica achegada, debendo executarse conforme á mesma, e cun prazo de execución de tres anos para o seu remate.

Manténdose as restantes condicións sinaladas na resolución da Alcaldía de data 26/05/2023.

2º.- Tomar coñecemento da comunicación da actividade descrita na documentación achegada e aprobar a liquidacións das taxas establecidas regulamentariamente que ascenden á cantidade de catrocentos euros (#400,00#).

3º.- Previo ao inicio efectivo da actividade, deberá achegar, xunto coa documentación pertinente, comunicación de inicio da actividade, así como a certificación final de obras e boletíns dos instaladores que sexan precisos.

2.2.- Comunicación de obra de don Avelino Carreira Carreira. (Expediente número 2023/U026/000030)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Avelino Carreira Carreira para renovación da cuberta da vivenda retirando a tella existente e colocando uralita e tella sobre estrutura existente.

Dáse conta da autorización outorgada pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia por afección da N-525 en sentido favorable. Expediente L-LC-2050.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 8365104NH4386N, emprazada en Castro, 2 - Ponte Ulla, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como residencial de media densidade en tipoloxía mixta U-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, aos datos comunicados e ao disposto na autorización sectorial sinalada.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta euros (#60,00#).

2.3.- Comunicación de obra de Ecogal, S.L. (Expediente número 2023/U026/000064)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por Manuel Varela Pereiras, en representación de Ecogal enerxías renovables, autoconsumo y eficiencia energética, S.L., para instalación solar fotovoltaica de 5,558 kW e potencia fotovoltaica pico de 6,00 kW sobre cuberta de edificación, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Fernando Álvarez Rodríguez en calidade de enxeñeiro industrial e de data 25/09/2023

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090C50201054, emprazada en Ramil, 5 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos vinte e sete euros con setenta e nove céntimos (#227,79#).

2.4.- Comunicación de obra de don Juan José Gómez Lago. (Expediente número 2023/U026/000067)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Juan José Gómez Lago para instalación solar fotovoltaica, 10 paneis de 500 Wp, que suman una potencia de 5.000 Wp, sobre cuberta de edificación, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Victor Calvo Cheda en calidade de enxeñeiro técnico.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000900500NH43E, emprazada en Pousada de Arriba, 4 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais N-2, e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sesenta e cinco euros con vinte e dous céntimos (#165,22#).

2.5.- Comunicación de obra de dona Ana María Magán Carrillo. (Expediente número 2023/U026/000069)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Ana María Magán carrillo para construción de alpendre para apeiros de labranza de 71,74 m² nos termos da documentación técnica achegada asinada por Felipe López Pantín en calidade de arquitecto.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002201500NH43F, emprazada en Sete, 31 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Se ben terá en conta:

A aceptación da comunicación de obra é sen prexuízo a terceiros, e salvando o dereito de propiedade.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumpriase o RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

Disporanse os medios auxiliares necesarios para non afectar nin provocar prexuízo ás edificacións estremeiras ou a terceiros.

Non se afectará a ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento e explotación das redes de auga e saneamento así como de gas ou electricidade, co fin de que non afecte ao óptimo funcionamento destes servizos.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, trasfego de maquinaria, etc.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de seiscentos corenta e dous euros con trinta e seis céntimos (#642,36#).

2.6.- Corrección de erros

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 28/09/2023 adoptou acordo no seu punto 2º, 2.7.- Instancia núm. 202399900000863 de UFD Distribución Electricidad, SA (expediente número 23208/U022/000034) que onde di “Pazos, 1” debe dicir “Pazos, 2”.

3º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de outubro:

DECRETO	01/09/2023	ASUNTO
741	02/10/2023	Aprobación bases reguladoras da adxudicación dun préstamo a longo prazo (préstamo de mandato) para saneamento do remanente de tesouraría negativo por importe de 400.000 euros
742	03/10/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
743	03/10/2023	Convocatoria dos membros do tribunal cualificador dos méritos alegados polos aspirantes admitidos na convocatoria de selección de persoal fixo (estabilización)- praza de encargado/a de PC, mantemento de espazos naturais e outros para o día 09.10.2023
744	03/10/2023	Convocatoria dos membros do tribunal cualificador dos méritos alegados polos aspirantes admitidos na convocatoria de selección de persoal fixo (estabilización)- praza de coordinador/a de cultura e outros para o día 09.10.2023
745	03/10/2023	Convocatoria dos membros do tribunal cualificador dos méritos alegados polos aspirantes admitidos na convocatoria de selección de persoal fixo (estabilización)- praza de axente de turismo e medio



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		ambiente para o día 09.10.2023 s
746	03/10/2023	Convocatoria dos membros do tribunal cualificador dos méritos alegados polos aspirantes admitidos na convocatoria de selección de persoal fixo (estabilización)- prazas (2) de monitor/a de ludoteca para o día 09.10.2023
747	03/10/2023	Aprobación modificación de créditos 13/2023 (xeración), vinculada á subvención concedida para Programas de dinamización lingüística – promoción da lingua galega
748	03/10/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de madrugadores (Programa Conxuga), correspondente ao mes de outubro
749	03/10/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo ludoteca (Programa Conxuga), correspondente ao mes de outubro
750	03/10/2023	Aprobación ampliación do prazo para a xustificación da subvención nominativa concedida á Asociación cultural do ensino do Arte e da Música(Escola de Música de Santa Cruz)
751	03/10/2023	Cambio de titularidade de recibos de impostos e taxas
752	03/10/2023	Adxudicación de desfibriladores e outros materiais (Expdte. 2023/C002/000030)
753	03/10/2023	Cambio titularidade recibo de recollida de lixo da vivenda núm. 6 de Manteles de Arriba –Vedra
754	04/10/2023	Delegación funcións da Alcaldía do 11-15 de outubro no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro, por vacacións do titular.
755	04/10/2023	Adxudicación obras de Ampliación da rede de abastecemento en Viñogrande e Trobe (POS + Adicional 2/2022). (Expdte. 2023/C003/000001)
756	05/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
757	05/10/2023	Arquivo expediente de transmisión de licenza de taxi núm. 3 por desestimación dos solicitantes
758	05/10/2023	Cambio de titularidade recibos de recollida de lixo da vivenda núm. 35 de Quintáns – San Xián de Sales
759	05/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
760	05/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
761	06/10/2023	Cambio de titularidade recibos de recollida de lixo e abastecemento de auga da vivenda núm. 58 de Nande – San Fins de Sales
762	06/10/2023	Aprobación expediente de contratación da obra Colectores de saneamento en Fontao (POS + Adicional 2/2023)
763	06/10/2023	Aprobación modificación de créditos 14/2023 (xeración), vinculada á subvención concedida para o financiamento de Colectores de saneamento en Fontao (POS +Adicional 2/2023)
764	06/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
765	09/10/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación de caza Vedra e orde de pagamento segundo convenio
766	09/10/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Escola de Música de Vedra e orde de pagamento segundo convenio
767	09/10/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM (concepto comedor) correspondente ao mes de setembro
768	09/10/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2023.26 por importe de 5.179,76 euros



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



769	09/10/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.27 por importe de 58.704,85 euros
770	09/10/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2023.25 por importe de 14.022,58 euros
771	09/10/2023	Aprobación do padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 3T de 2023
772	10/10/2023	Adhesión do servizo de asistencia técnica e dinamización da participación das Administracións Públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)
773	11/10/2023	Alta SAF, procedemento de urxencia de NAA
774	11/10/2023	Solicitude de subvención para a contratación/renovación de axente de emprego e desenvolvemento local 2023
775	11/10/2023	Designación coordinador de seguridade e saúde da obra de Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros (POS + Adicional 2/2021)
776	11/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
777	11/10/2023	Solicitude de subvención para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal para composteiros domésticos, exercicio 2023/2024
778	16/10/2023	Adxudicación contrato de subministración de bens incluídos no proxecto de mellora da xestión de biorresiduos 2022/2023 (Expediente 2023/C005/000001)
779	16/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
780	16/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
781	16/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
782	16/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
783	16/10/2023	Solicitude de subvención á Consellería de Política Social e Xuventude para o Programa de Inclusión Social Básica de persoas en situación ou risco de exclusión social e para reforzo socio-educativo de menores beneficiarios do programa de educación familiar
784	16/10/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de emprendemento A Estación , correspondente ao mes de outubro
785	16/10/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (modalidade dependencia), correspondente ao mes de setembro
786	16/10/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (modalidade libre concorrencia), correspondente ao mes de setembro
787	16/10/2023	Aprobación modificación de créditos 15/2023 (xeración), vinculada á subvención concedida para o Plan Corresponsables 2023 (Espazo corresponsable Conxuga)
788	17/10/2023	Aprobación indemnizacións por asistencias aos concelleiros/as correspondentes ao 3º trimestre de 2023
789	17/10/2023	Cumprimento de trienios de persoal municipal
790	17/10/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2023.26 por importe de 5.179,76 euros
791	17/10/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.29 por importe de 167.571,00 euros



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



792	18/10/2023	Aprobación dotacións económicas aos grupos políticos municipais correspondentes ao 3º trimestre de 2023
793	18/10/2023	Autorización probas Duatlón de Vedra 2023
794	18/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
795	18/10/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á ANPA do CEIP de Ortigueira e orde de pagamento segundo convenio
796	19/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
797	19/10/2023	Alta no SAF-Libre concorrencia de ACT
798	19/10/2023	Aprobación incremento do 0,5% nas retribucións do persoal ao servizo do sector público pola aplicación da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2023.(Consello de Ministros do 03.10.2023)
799	20/10/2023	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 43 de Xián –San Andrés de Trobe
800	20/10/2023	Solicitude de subvención á Deputación Provincial para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo para 2024
801	20/10/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao Clube de montaña Vértice e orde de pagamento
802	20/10/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao C.D. San Mamed e orde de pagamento segundo convenio
803	20/10/2023	Adxudicación obra de Mellora de camiños en Tomonde (Santa Cruz de Ribadulla) (PMM 2023/2024) (Expediente núm. 2023/C003/0000049)
804	20/10/2023	Solicitude de subvención/prórroga á Deputación Provincial para o financiamento do técnico de xestión cultural
805	20/10/2023	Aprobación gastos en concepto de axudas de custo aos participantes no proxecto denominado Voluntariado Sénior a maiores 2023
806	20/10/2023	Aprobación gastos en concepto de axudas de custo aos participantes no programa de voluntariado interxeracional no medio rural: Talento Interxeracional
807	23/10/2023	Declarando deserta a licitación dun préstamo a longo prazo (préstamo de mandato) para o saneamento do remanente de tesouraría negativo por importe de 400.000,00 euros
808	23/10/2023	Aprobación das bases reguladoras da adxudicación dunha operación de crédito a curto prazo (póliza) por importe de 400.000,00 euros e prazo de 1 ano
809	23/10/2023	Alta no SAF-Libre concorrencia de MDBB
810	23/10/2023	Renovación tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade de LAVA
811	23/10/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
812	23/10/2023	Establecendo os servizos mínimos na EIM con motivo da folga nos centros de educación infantil de 0-3 anos de titularidade pública con xestión externa os días, 15 e 25 de outubro e 15 de novembro.
813	23/10/2023	Expediente de limpeza de parcela con referencia catastral 15090A507000590000AK
814	26/10/2023	Concesión praza na EIM, curso 2023/2024 a CBM.
815	26/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
816	26/10/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés correspondente á mensualidade de outubro
817	26/10/2023	Aprobación e orde de pagamento de nóminas do mes de outubro de 2023
818	27/10/2023	Designación vogal 4º na Mesa de Contratación Permanente para a licitación da obra de Colectores de saneamento en Fontao (POS



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		+Adicional 2/2023) (Expediente núm. 2023/C003/000005)
819	30/10/2023	Pago bonos alimentos a supermercado (XXVI)
820	30/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
821	30/10/2023	Baixa no padrón fiscal da taxa de recollida do lixo do establecemento sito no núm. 2 de Avda. M. M. Gómez Lorenzo
822	30/10/2023	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a MSMS
823	30/10/2023	Anulación tarxeta provisional e concesión de tarxeta definitiva para persoas con discapacidade a MFV
824	30/10/2023	Concesión de axuda de emerxencia social a JMIC
825	30/10/2023	Alta no SAF-Libre concorrencia de RRFV
826	31/10/2023	Delegación funcións da Alcaldía no 2º Tenente de Alcalde, don Enrique Vázquez, con motivo da viaxe a Lendava (Eslovenia) para participar no 4º evento internacional do proxecto europeo winEU.rur, do 09-13 de novembro
827	31/10/2023	Altas no padrón municipal de habitantes

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.